

Limiar

Sempre é unha honra e unha grande satisfacción abrir as páxinas que anualmente proclaman cara a todo o mundo galego e hispano que en Paradela hai un certame literario co que, honrando ao noso Fillo Predilecto e amigo Manuel Rodríguez López, honramos á Cultura e a Galicia, á creación literaria e ao noso propio Concello, que desde hai xa algo máis de douscentos anos marca para todo o mundo o conxunto de lugares que chamamos Paradela.

É esta a edición XXVIII dun Certame Literario que naceu a finais do pasado século co fin de manter viva a lembranza do escritor Manuel Rodríguez López e a difusión da súa obra por todos os medios ao noso alcance.

Comprendíamos que organizar un Certame Literario era unha tarefa difícil pero afrontámola co entusiasmo que inspira todas as nosas actuacións, e atopamos a total colaboración de institucións e particulares, de paradelenses e amigos de Paradela, de medios informativos e entidades asociativas e, froito desa colaboración coa nosa acción, é a difusión en toda Galicia, en toda España e na América hispana, de xeito que nesta edición participaron un total de 879 traballos, dos que 466 foron de narrativa, 379 de poesía e 34 sobre o Camiño de Santiago.

Non serei capaz de describir a emoción que sinto cando na xuntanza do Xurado do Certame se van abrindo as plicas que acompañan aos traballos que se consideraron os mellores dos presentados..., e aparecen autores e autoras de Nigrán, Salcedo, Pontevedra, Alfoz, Cuba!!!, A Coruña, Barcelona, Ibiza, Madrid, Alicante, Santiago, Porto do Son, Nicaragua!!!, Oviedo e Costa Rica!!!... Non é que se valoren máis os de máis lonxe; o que se valora é que escritores que fisicamente están tan lonxe sintonicen con Paradela e con Manolo; coa nosa homenaxe a un home sinxelo e a difusión da grande obra dun escritor por riba do tempo.

E emociónome pensando en Manolo Rodríguez cando escoito desde Cuba a Luis Lexandel Pita proclamar:

*“Y seguiré siendo Manuel Oreste,
mirando hacia los hombres
con su cruel memoria,
bajo el aire con singular recuerdo,
entre libros, jarrones, abanicos,
imágenes de cine, años después
de la muerte de mi padre”.*

E mesturo entusiasmo e ledicia cando escoito a Gerardo Santiago Medrano, desde Nicaragua, confesando nun “Allegro final por Santa María de Loio”:

*“Al llegar a Santa María de Loio,
y traspasar sus vestigios, soy uno más de aquella orden que hoy:
Santiago mayor, transita el camino a tu sepulcro, entre música, versos y
sueños”.*

E neste momento no que os agradecementos se impoñen, quero felicitar a todos os premiados e agradecerlles a súa participación no Certame, englobando neste agradecemento a todos os participantes, aos membros do Xurado, aos que difunden a convocatoria, a todos os paradelenses que sintonizan con esta idea, aos funcionarios do Concello e de xeito especial á familia de Manuel Rodríguez López, por estar connosco en todo momento, sendo os primeiros en apoiar o que o Concello de Paradela promove.

Cada edición do noso Certame é un chanzo que avanza a memoria de Manuel Rodríguez e a súa obra en difusión e consideración. Cada edición do noso Certame é unha ocasión perfecta para comprobar que o noso camiñar polos vieiros da cultura é máis firme.

De novo grazas a todos os que colaboran en facelo posible.

José Manuel Mato Díaz
Alcalde de Paradela